



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

Descrición decreto: ALEGACIÓN PARQUE EÓLICO GASALLA

DON ROBERTO REY MARTÍNEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES

Visto o informe requerido a Estudio Técnico Gallego, S.A., e o cal a continuación se transcribe:

“ASUNTO: TRAMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA REALIZADA POLA XEFATURA TERRITORIAL DE VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA Ó RESPECTO DO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL (EIA) E PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO (PIA) DO PARQUE EÓLICO GASALLA, NOS CONCELLOS DE MESÍA E FRADES (A CORUÑA). (EXP. IN408A 2017/26)

1.- Antecedentes

Con data de 1 de xullo de 2020 a persoa responsable da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria, remite ó concello de Frades documentación de consultas no procedemento de elaboración do documento de alcance para a avaliación de impacto ambiental do proxecto do Parque Eólico Gasalla.

A documentación que acompañaba a solicitude do órgano sectorial estaba constituída polo “Proxecto Sectorial Parque Eólico Gasalla” datado en maio de 2018, o “Proxecto de execución Parque Eólico Gasalla” datado en decembro de 2017 e o “Estudo de Impacto Ambiental referido ó proxecto de execución do Parque Eólico Gasalla” todos eles promovidos por Green Capital Power S.L.

O Concello de Frades xa manifestou no seu día a desconformidade con respecto á execución desta infraestrutura.

Con data de 16 de setembro publícase no DOG o acordo de 6 de setembro polo que se somete a exposición ó público o expediente de referencia.

Ó respecto da documentación que se está a tramitar o Concello de Frades presenta as seguintes alegacións.

2.- Respecto da obsolescencia do Plan Eólico Sectorial.

A Lei 1/2021, de Ordenación do Territorio de Galicia ten como finalidade, entre outras, regular os instrumentos necesarios para a articulación da política territorial e a ordenación do espazo físico na Comunidade Autónoma de Galicia.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

A tal efecto, establece os seguintes instrumentos de ordenación do territorio:

- Directrices de ordenación do territorio.
- Plans territoriais, que poden ser plans territoriais integrados ou plans especiais.
- Plans sectoriais.
- Proxectos de interese autonómico (PIA)

O proxecto de PE Gasalla estase a tramitar como PIA.

O artigo 40 da Lei 8/2009, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia e se crean o canon eólico e Fondo de Compensación Ambiental, equipara a figura do proxecto sectorial (da Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia) e a do proxecto de interese autonómico (PIA).

Resulta claro polo tanto, que o PIA do PE Gasalla, desenvolve unha parte do Plan Sectorial Eólico de Galicia.

No documento de tramitación indícase indistintamente e de xeito confuso que se trata dun proxecto sectorial e dun proxecto de interese autonómico.

O que si se aclara, ó respecto da declaración de interese autonómico e que “*O proxecto sectorial do Parque eólico Gasalla atópase dentro da Área de Desenvolvemento Eólico de Mesía, incluída dentro do Plan Sectorial Eólico de Galicia actualmente en vigor e polo tanto cualificaríase como Proxecto de interese autonómico previsto, o que leva aparelado a Declaración de Interese Autonómica directa.*”

Ó respecto desta cuestión compre realizar as seguintes reservas.

O Plan eólico sectorial de Galicia foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 1 de outubro de 1997, ó amparo do disposto na Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia.

Neste plan fixébase un obxectivo de 4.000 MW instalados no horizonte de 2010.

Segundo a Asociación Eólica de Galicia no 2019 estaban instalados en Galicia un total de 3.778 MW de enerxía eólica.

Segundo a Asociación Empresarial Eólica de Galicia, nos anos 2020 e 2021 instaláronse en Galicia un total de 24 e 68,8 MW respectivamente.

Polo tanto a día de hoxe atópanse instalados en Galicia un total de 3.870 MW de enerxía eólica (o 96,75% do previsto no Plan Sectorial Eólico de Galicia).

Por outra banda o PE Gasalla non é o único parque eólico que se está a tramitar en Galicia.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

Considerando unha media de 25 MW por parque eólico tan so quedarían por instalar un total de 5 parques eólicos ata acadar o teito previsto no referido plan sectorial.

Extraído do rexistro eólico de Galicia, so na comarca de Ordes atópanse en tramitación os seguintes parques eólicos: Meirama, As Encrobas, Monte Inxerio, Solpor, Legre e Gasalla, todos eles con información pública e Monte de San Barolomé con trámites previos.

É dicir, tan so coa potencia susceptible de instalarse na comarca de Ordes xa se terá superado o horizonte do Plan Sectorial Eólico de Galicia.

Por outra banda, a importante lexislación que foi aprobada tanto a nivel europeo, como nacional e autonómico, sobre todo en materias sensibles como o medio ambiente e a paisaxe, fan que o desfase entre os estudos medioambientais e paisaxísticos cos que conta o citado plan sectorial, e a lexislación vixente, esixa unha revisión urxente do citado plan sectorial.

Visto o que antecede solicítase que se proceda de maneira urxente a revisar o plan sectorial eólico de Galicia, por sobrepasarse, a día de hoxe, as previsións de potencia máxima instalada contempladas neste, paralizano, entre tanto, a tramitación dos parques eólicos en xeral, e o de Gasalla en concreto.

2.- Respecto das distancias dos aeroxeradores ás vivendas e núcleos de poboación.

O Plan Sectorial Eólico de Galicia contén, entre outros, o estudo de ruído producido por un aeroxerador.

Enténdese que este foi un dos factores determinantes a partir dos cales o citado plan sectorial fixa unha distancia de 500 m ó solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

Segundo os cálculos do Plan Sectorial *“nas correspondencias establecidas entre o ruído producido pola velocidade do vento e o producido polo aeroxerador atopámonos que para unha velocidade de 8 m/s o ruído ambiental é de 42 dB e o da turbina é de 57,2 dB.”*

Os aeroxeradores que de están a colocar na totalidade dos parques eólicos que se están a tramitar na actualidade, e os do parque eólico Gasalla en particular, duplican en altura e potencia ós que existían no momento no que se redactou o plan sectorial eólico de Galicia.

Compre lembrar que, de acordo co indicado no apartado anterior, o PIA do PE Gasalla desenvolve o Plan Eólico Sectorial de Galicia.

De acordo cos datos aportados no Estudo de Impacto Ambiental do PE Gasalla, para unha velocidade do vento de 8 m/s a potencia acústica dos aeroxeradores acadará a cifra de 105 dB(A) e para 10 m/s (máxima velocidade de servizo) 106,1 dB(A), é dicir, o dobre da prevista no Plan Sectorial Eólico de Galicia.

Independentemente de que no citado estudo se xustifique o cumprimento dos límites máximos admitidos pola lexislación vixente en materia de ruído, o Plan Eólico Sectorial de Galicia, do que forma parte o PIA



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

do PE Gasalla, contemplou uns marxes de seguridade, pasando da distancia de 200 m, que sería a mínima necesaria para que un aeroxerador non provocara molestias por ruído, a 500 m como medida de seguridade.

Resulta claro que, considerando potencias maiores dos aeroxeradores, que implican emisións de ruído que duplican as previstas no Plan Sectorial Eólico de Galicia, deberían revisarse as distancias que deberán gardar os aeroxeradores con respecto ó solo urbano, núcleo rural e solo urbanizable.

Esta cuestión volve a dar mostra da obsolescencia do plan eólico sectorial de Galicia e a súa nula adaptación ás previsións dos novos parques eólicos que se están a desenvolver.

Pódese polo tanto afirmar que, canto menos na cuestión da produción de ruído, e en relación con ela, a distancia dos aeroxeradores ós asentamentos de poboación, o PIA do PE Gasalla, non se atopa alineado co disposto no Plan Sectorial Eólico de Galicia.

Por todo o disposto, e tal e como se recolleu no apartado anterior, solicítase que se proceda á paralización do PE Gasalla en tanto non se leva a cabo, de maneira urxente, a revisión do Plan Sectorial Eólico de Galicia, por sobrepasarse as previsións de produción de ruído, e as distancias ós asentamentos de poboación con ela relacionadas.

3.- Respecto das tramitacións concorrentes.

O PE Gasalla recolle a execución dunha subestación eléctrica á que se conectará a evacuación dos parques eólicos Legre e Abrente.

Dende esta subestación partirá unha liña de evacuación LAT Gasalla-Mesón, á que tamén se conectará o parque eólico Solpor.

É dicir, dous parques eólicos dependen de que se execute o PE Gasalla, e da liña de evacuación deste parque depende a execución dun terceiro parque eólico.

Contrariamente ó que indicaría toda lóxica de ordenación do territorio, todas estas infraestruturas estanse a tramitar por separado, de xeito que se tan só unha delas non se executa, resultaría inviable a execución das restantes.

A subestación do PE Gasalla dimensiónase para acoller a enerxía eléctrica de tres parques eólicos, dos que dous, non se sabe se se van a desenvolver ou non.

A LAT Gasalla-Mesón dimensiónase para servir de evacuación de catro parques eólicos dos non se ten firmeza de que, trala tramitación de vaian a executar.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

Por último, prevese a ampliación da subestación do Mesón do Vento, unha das maiores de España, contemplando un escenario de execución de parques eólicos, dos que non se ten constancia dos que se van desenvolver.

Todas estas cuestións tramitadas de xeito simultáneo pero en expedientes separados, denotan a firme intención da Administración e dos promotores de levalos a cabo, sexa cal sexa o resultado das tramitacións ambientais de cada un dos procedementos.

No plan sectorial eólico de Galicia indícase que “*non menos importante considérase a necesidade de resposta á inevitable demanda dun tratamento consecvente e eficaz da problemática asociada á coordinación territorial dos tendidos de evacuación da enerxía, e as redes de distribución e transporte de electricidade*”.

A tal efecto, deseña os denominados sectores de programación para os cales establece:

“*Consideraranse como Sectores aos efectos da Programación do Recurso Eólico polo Órgano Substantivo, aqueles ámbitos territoriais en que se concentra o potencial eólico en situación de aptitude para resolver, conxuntamente, as súas condicións de evacuación*”

Para resolver os problemas de coordinación das liñas de evacuación, o plan sectorial eólico de Galicia establece que se poidan establecer **sectores de programación conxunta**.

“*Segundo o Decreto 302/2001, do 25 de outubro (DOG 05/12/2001), para programar o recurso total a autorizar, e distribuír a potencia máxima autorizada anualmente, poderán fixarse igualmente por Orde da Consellería de Industria e Comercio as condicións necesarias para a definición do número e características destes Sectores, así como darse preferencia nos termos determinados previamente naquela, a aquelas solicitudes que oferten Sectores de Programación Conxunta, nos que varios promotores se agrupen para facilitar a viabilidade da súa explotación, comprometéndose, formalmente, a resolver satisfactoriamente a compatibilidade e localización das infraestruturas comúns de evacuación e de transporte.*”

No caso concreto do PE de Gasalla e as restantes infraestruturas relacionadas, non existe a máis mínima programación conxunta, en relación cos denominados “Sectores de Programación Conxunta” do plan sectorial.

Tendo en conta esta cuestión, solicítase que se proceda a anular a tramitación actual do PE Gasalla e se reinicie como un sector de programación conxunta dos que recolle o plan sectorial eólico de Galicia, englobando ademais os PE Legre, Abrente e Solpor e as súas liñas de evacuación.

4.- Afeccións ó medio socioeconómico.

O PE Gasalla aséntase sobre parcelas das concentracións parcelarias de San Lourenzo de Olas (data de entrega de títulos en 25/09/1968), Xanceda-Mesía II (data de toma de posesión 16/05/2013), Abellá (data



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

de entrega de títulos en 09/051974), e Montes de Santo Estevo de Abellá (data de entrega de títulos en 27/02/2004).

A actuación non resulta compatible cos obxectivos que motivaron estas concentracións parcelarias e suporá unha diminución da capacidade produtiva destes terreos, o que terá unha repercusión negativa sobre o medio socioeconómico das parroquias Olas, Xanceda e Abellá, nas cales o principal motor económico radica nas explotacións agrogandeiras e forestais, potenciadas polas concentracións parcelarias levadas a cabo.

A tal efecto é necesario indicar que en dous procedementos de autorización de dúas infraestruturas a situar no solo rústico do veciño Concello de Ordes, unha planta de xestión de residuos e un tanatorio, a Consellería de Medio Rural emitiu informes sectoriais desfavorables, argumentando a diminución da superficie agraria útil e a incompatibilidade destas infraestruturas cos fins e obxectivos das concentracións parcelarias.

Enténdese que, para o caso concreto do PE Gasalla, a Consellería de Medio Rural debería manifestarse no mesmo sentido no que se manifestou ó respecto doutras infraestruturas asentadas en terreos que foron obxecto de Concentración Parcelaria.

Por outro lado, cando se avalía o efecto do ruído producido polos aeroxeradores, sempre se teñen en conta as persoas pero non así o gando, principal elemento de produción das explotacións de Frades, e elemento de ordenación do territorio para o que foron executadas as concentracións parcelarias deste Concello.

Resulta claro que afección do ruído sobre o gando producirá unha diminución da produción leiteira, afectando considerablemente ó medio socioeconómico do Concello de Frades, sen que, dende o proxecto e o estudo de impacto ambiental se teñen implementado medidas para corrixir este efecto.

Por outra banda, a execución deste parque eólico afectando terreos con explotacións gandeiras en produción, vai en contra da Política Agraria Común (PAC) da Unión Europea, a cal ten como finalidade garantir a seguridade alimentaria europea.

Todas as explotacións gandeiras existentes no contorno do PE Gasalla, e que vería diminuír a súa produción por motivo do ruído e molestias xeradas pola execución e funcionamento deste, recibiron en convocatorias sucesivas, axudas da PAC, as cales verían diminuída a súa efectividade pola presenza da infraestruturas.

En concreto, as explotacións afectadas pola presenza dos aeroxeradores, todas elas acollidas ás axudas da PAC, serían as seguintes:

- Ganadería Tañoi. V-15.837.826.
- Ganadería Gasalla, S. L. B-15.827.504



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

- Ganadería Novoa, S. L. B-15.622.327

A maiores, o solo no que se asentan varios aeroxeradores, atópase vinculado directamente a granxas, tamén acollidas ás axudas da PAC, as cales verían reducida a superficie da súa explotación. En concreto son as seguintes:

- Ganadería Boga Barreiro, S. C. J-70.379.193
- Ganadería Iglesias Cernadas, S. C. J-70.335.161

Así, se se executa o PE Gasalla, as axudas da Unión Europea para a mellora das explotacións, no marco da política agraria común, estarían seriamente afectadas.

Polo anterior solicítase que se reformule o PE Gasalla para que non afecte a terreos de concentración parcelaria, que ademais formen parte de explotacións gandeiras acollidas ás axudas da Unión Europea no marco da PAC.

5.- Conclusións

Visto to o anterior solicítase que se teñen por formuladas en tempo e forma as presentes alegacións e, en base ó expresado nelas se acorde o seguinte:

Que se proceda a reformular o PE Gasalla para que non afecte terreos de concentración parcelaria que formen parte de explotacións agrogandeiras acollidas ás axudas da PAC.

En caso contrario que se proceda á paralización da tramitación do PE Gasalla e se revise de xeito urxente o Plan Sectorial Eólico de Galicia, definindo novamente os perímetros para adecualos ás características dos novos aeroxeradores que se están a instalar e se actualice o horizonte futuro da potencia a instalar en Galicia.

En caso contrario que, canto menos, se paralice a tramitación do PE Gasalla, e se proceda á constitución dun Sector de Programación Conxunta, no que se inclúan a totalidade das infraestruturas relacionadas para levar a cabo unha tramitación racional delas (PE Abrente, PE Legre, PE Gasalla, PE Solpor e LAT Gasalla-Mesón).”

Vistos todos os prexuízos que o Parque Eólico Gasalla pode ter no Concello de Frades.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local avocando as competencias delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local por Decreto da Alcaldía nº 2019-115, de 2 de xullo de 2019, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Presentar alegación ó Proxecto Parque Eólico Gasalla.

SEGUNDO.-



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

Dar traslado deste Decreto á Xefatura Territorial da Coruña - Sección de Enerxía.

Ratificar este Decreto na próxima Xunta de Goberno Local que se celebre.

Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación, na primeira sesión que celebre.

Frades, 31 de Outubro de 2022

Asdo.: Roberto Rey Martinez

ALCALDE-PRESIDENTE.